




C.P.I.  
PLURILINGÜE  
DE VEDRA

INFORMACIÓN BÁSICA 4º ESO  
2022/2023



DEPARTAMENTO DE FÍSICA E QUÍMICA

## CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA 4º ESO FÍSICA E QUÍMICA

### UNIDADE 0. A actividade científica.

- Identificar a investigación como unha ferramenta fundamental para o mundo de hoxe.
- Formular e comprobar hipóteses desde unha perspectiva científica.
- Usar vectores e ecuacións para a definición de magnitudes fundamentais e derivadas. Ecuacións de dimensións.
- Distinguir entre erro absoluto e relativo.
- Usar o redondeo e o número de cifras significativas correctas para expresar valores de medida.
- Interpretar gráficas e táboas de datos de procesos físicos ou químicos.
- Aplicar as TIC na elaboración e defensa de proxectos de investigación.

### UNIDADE 1. O átomo e o sistema periódico.

- Usar modelos para interpretar a estrutura da materia.
- Coñecer e manexar a Táboa Periódica con destreza.
- Coñecer os elementos da Táboa Periódica, a súa configuración electrónica, as súas propiedades e a súa composición.
- Nomear e formular compostos inorgánicos segundo as normas da IUPAC.

### UNIDADE 2. Enlace químico e forzas intermoleculares

- Usar modelos para interpretar a estrutura da materia.
- Coñecer os tipos de enlaces que unen aos átomos.
- Ter presentes as normas e recomendacións da IUPAC nas súas distintas aplicacións.
- Relacionar os tipos de enlaces coas propiedades dos compostos químicos.
- Utilizar a formulación na representación de compostos químicos sinxelos.

### UNIDADE 3. Compostos do carbono

- Afondar na singularidade do carbono e na súa presenza no noso contorno.
- Utilizar a formulación na representación de hidrocarburos sinxelos.
- Analizar a importancia da funcionalidade molecular.
- Ter presentes as normas e recomendacións da IUPAC nas súas distintas aplicacións.

### UNIDADE 4. Reaccións químicas. Fundamentos

- Inferir leis químicas nos procedementos estudados.
- Recoñecer a alteración da velocidade nas reaccións moleculares.
- Distinguir entre reaccións endotérmicas e exotérmicas.
- Realizar cálculos estequiométricos con reactivos puros.

### UNIDADE 5: Algunhas reaccións químicas de interese

- Coñecer o comportamento químico de ácidos e bases, así como medir a súa fortaleza utilizando indicadores e/o pH-metro dixital.
- Levar a cabo experiencias de laboratorio nas que teñan lugar reaccións de síntese, combustión e neutralización, interpretando os fenómenos observados.
- Avaliar a importancia das reaccións de síntese, combustión e neutralización en procesos biolóxicos, aplicacións cotiás e na industria, así como a súa repercusión ambiental.

### UNIDADE 6: Cinemática

- Argumentar o carácter relativo do movemento, caracterizándoo nun sistema de referencia cos seus vectores correspondentes, e representalo.
- Explicar e diferenciar os conceptos de velocidade media e velocidade instantánea.
- Utilizar correctamente as relacións matemáticas que definen as magnitudes dos movementos rectilíneos e circulares.

- Solucionar problemas de movementos rectilíneos e circulares de forma adecuada.
- Partindo de experiencias de laboratorio ou recursos dixitais, elaborar e interpretar gráficas de movementos rectilíneos e circulares.

#### **UNIDADE 7: Leis de Newton**

- Analizar as leis de Newton para a interpretación de fenómenos cotiáns.
- Comprender que as forzas son as causantes dos cambios na velocidade dos corpos, e saber representalas.
- A partir dos principios da dinámica, resolver problemas nos que interveñen varias forzas.

#### **UNIDADE 8: Forzas no universo**

- Comprender a importancia histórica e científica da unificación das mecánicas terrestre e celestial grazas á lei de gravitación universal.
- Relacionar a lei de gravitación universal co movemento orbital e o de caída libre.
- Recoñecer as aplicacións dos satélites artificiais e o problema do lixo espacial.

#### **UNIDADE 9: Forzas en fluídos. Presión.**

- Asimilar que os efectos dunha forza dependen da súa intensidade e da superficie de contacto.
- Interpretar os principios da hidrostática a partir de leis naturais e, así as aplicar a medios tecnolóxicos. Solucionar problemas matemáticos a partir destas leis.
- Mostrar o comportamento dos fluídos a partir dos coñecementos adquiridos.
- Describir fenómenos meteorolóxicos e mapas do tempo a partir da presión atmosférica.

#### **UNIDADE 10: Enerxía mecánica e traballo**

- Afondar na transformación da enerxía, no principio de conservación, nas distintas fontes, e aplicar o seu coñecemento na resolución de problemas.
- Entender que a calor e o traballo son dúas formas de transferencia de enerxía, e saber recoñecelos cando se producen.
- Resolver problemas a partir das ideas de traballo e potencia, e expresar as súas unidades de forma correcta.

#### **UNIDADE 11: Enerxía térmica e calor.**

- Relacionar a calor cos efectos que produce.
- Entender a importancia histórica e actual das máquinas térmicas.
- Entender as limitacións enerxéticas das máquinas térmicas e aprender como mellorar o seu rendemento.

### **MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**

Por imperativo legal (DOG do 25 de maio do 2010), a materia de Física e Química tense que impartir en castelán. Non hai libro de texto recomendado ao formar parte do proxecto EDIXGAL. Este feito no implica que no caso de ter libros no centro do programa de préstamo non se poidan utilizar como material complementario e de apoio na aula. Outro tipo de material utilizado será:

Material fotocopiado con distintas actividades de reforzo, ampliación ou autoavaliación de produción propia ou de distintas editoriais.

Material dixital: Aula virtual do centro, <http://www.edu.xunta.es/centros/cpidevedra/aulavirtual/> onde hai un curso para cada nivel (2º,3º e 4º ESO) con arquivos coa teoría de cada tema, actividades interactivas, material didáctico e complementario, enlaces a páxinas web e cuestionarios de repaso.

O departamento ten creado un blog coa idea de ter material interactivo axeitado para cada nivel e unidade didáctica. Este blog poderase actualizar ao longo do curso engadindo entradas e mellorando as entradas xa feitas noutros anos. (Este blog está incluído na páxina web do centro e dentro do departamento de Física e Química ou <http://fisicayquimicalou.blogspot.com/>).

Procurarase realizar o maior número posible de prácticas (neste curso faranse unicamente de xeito dixital, con animacións e laboratorios virtuais ou ben facendo o tratamento de datos no caso de 4º ESO), tendo en conta a dispoñibilidade horaria e a necesidade de explicar un temario determinado, de ser posible unha a lo menos por trimestre. Para poder realizar unha determinada práctica, non so e preciso o material de laboratorio senón que tamén é necesario o uso dun guión, que se entregará ó alumno, onde encontrarán recollidos os obxectivos, procedementos, e tratamento de datos necesarios. As conclusións, xunto con todo o anterior deben ser recollidos e tratados no caderno de clase na orde correcta.

## **CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO**

### **Criterio de cualificación:**

Probas escritas, polo xeral dous por avaliación. Contará como un 80% da nota da avaliación Serán cualificadas entre 0-10 puntos.<sup>1</sup>

Actividades individuais e/ou en grupos: Contará como un 20% da nota da avaliación. Poden ser:

Informes de prácticas de laboratorio: É obrigatorio incluír tódolos apartados que se piden no guión para o informe de prácticas. Valorarase especialmente que se realice unha análise rigorosa dos resultados experimentais, a realización de gráficas, o coidado no uso das unidades, a notación científica e o número de cifras significativas.

Traballos individuais ou grupais: Os traballos realizados durante o curso, serán valorados en función da calidade da explicación, cumprimento dos obxectivos, a presentación e a orixinalidade así como o esforzo amosado por cada alumno.

Cuestionarios realizados na aula virtual sobre cada unidade didáctica.

traballo diario, exercicios e cuestións da libreta

A nota da avaliación parcial nunca será inferior a media obtida nas probas escritas.

### **Sistema de cualificación final e promoción do alumnado:**

A nota da avaliación ordinaria de comezos de xuño será a media aritmética das tres avaliacións parciais, que terán que estar aprobadas. A nota numérica que figurará nas actas de avaliación e nos boletíns será resultado do redondeo ao número enteiro que corresponda a cada cualificación.

### **Recuperacións.**

Será unha recuperación continua, mediante unha proba escrita que terá lugar despois da avaliación parcial. Nalgúns casos específicos poderase recuperar mediante a realización de actividades e exercicios. O alumnado que, tendo en conta todo o anterior, non estea en condicións de obter unha cualificación final igual ou superior a 5 puntos, poderá realizar unha última proba de recuperación sobre os contidos das avaliacións non superadas ao tempo que se fai a recuperación do terceiro trimestre.

No caso de suspender a materia na avaliación ordinaria, terá unha proba extraordinaria a finais do mesmo mes. Os contidos estarán axustados a os mínimos esixibles para a obtención dunha avaliación positiva, especificados nos contidos de cada materia.

---

<sup>1</sup> Cando o alumnado utilice materiais, medios, estratexias ou sistemas non permitidos expresamente polo profesorado co fin de mellorar o resultado das probas escritas, ou axude a un compañeiro ou compañeira a facelo, o Departamento didáctico determinará cales serán as consecuencias que terán estes feitos sobre o proceso de avaliación continua. O Departamento adoptará unha decisión razoada neste sentido, que será comunicada ó alumnado afectado. De producirse e demostrarse de xeito fidedigno tales feitos nas probas extraordinarias de setembro ou de pendentes, o alumno/a obterá a cualificación de "1".

## PROGRAMACIÓN FÍSICA E QUÍMICA 4º ESO

A materia de Física e Química en 4º ESO ten un carácter eminentemente formal, enfocada a dotar o alumnado de capacidades específicas asociadas a esta disciplina. Cun esquema de bloques similar ao de 2º e 3º ESO, neste nivel aséntanse as bases dos contidos que en primeiro de bacharelato recibirán un enfoque máis educativo.

O primeiro bloque, *A actividade científica*, está dedicado a desenvolver as capacidades inherentes ao traballo científico. Hanse desenvolver destrezas no manexo do aparato científico, pois o traballo experimental é unha das pedras angulares de Física e Química. Traballarase, así mesmo, a presentación dos resultados obtidos mediante gráficos e táboas, a extracción de conclusións e a súa confrontación con fontes bibliográficas. Os estándares deste bloque, de carácter transversal, cobran sentido ao combinalos cos doutros bloques.

O segundo bloque *A materia*, e o terceiro bloque, *Os cambios*, introdúce secuencialmente o concepto moderno do átomo, a ligazón química e a nomenclatura dos compostos químicos, así como o concepto de mol e o cálculo estequiométrico; así mesmo, iníciase unha aproximación á química orgánica incluíndo unha descrición dos grupos funcionais presentes nas biomoléculas.

No estudo da Física o enfoque é fundamentalmente formal, tanto no bloque cuarto *O movemento e as forzas* como no quinto, *a Enerxía*. O estudo da física consolida o enfoque secuencial (cinemática, dinámica e enerxía). O aparato matemático da física cobra relevancia neste nivel, polo que convén comezar o estudo polos bloques de química, co fin de que o alumnado poida adquirir as ferramentas necesarias proporcionadas pola materia de Matemáticas.

Dado que este curso rematamos a comezos de xuño, para poder facer as probas extraordinarias a finais dese mes, vai ser preciso eliminar a lo menos 1 unidade didáctica así como os estándares correspondentes a mesma.

Os contidos, en unión coas competencias clave e cos obxectivos, estrutúranse da seguinte forma:

Bloque 1: A actividade científica	UNIDADE 0.A actividade científica
Bloque 2: A materia	UNIDADE 1. O átomo e o sistema periódico. UNIDADE 2. Enlace químico e forzas intermoleculares UNIDADE 3. Compostos do carbono
Bloque 3: Os cambios	UNIDADE 4. Reaccións químicas. Fundamentos UNIDADE 5: Algunhas reaccións químicas de interese
Bloque 4: O movemento e as forzas	UNIDADE 6: Cinemática UNIDADE 7: Leis de Newton UNIDADE 8: Forzas no universo UNIDADE 9: Forzas en fluídos. Presión.
Bloque 5: Enerxía	UNIDADE 10: Enerxía mecánica e traballo UNIDADE 11: Enerxía térmica e calor.

## TEMPORALIZACIÓN

O curso conta con 32 semanas. Esta materia conta, polo tanto con 96 períodos lectivos de 50 minutos anuais, repartidos en tres períodos lectivos á semana. Estes períodos poden diminuír dependendo de como coincidan os días festivos integrados dentro do calendario escolar e de actividades complementarias que coincidan con uno dos 32 días con docencia neses grupos. De xeito xeral, e obviando estas limitacións, o reparto de unidades ao longo do curso é:

Avaliacións	Unidades	TEMP (horas)	Semanas curso
1º avaliación	0. A actividade científica	9	2 semanas de setembro, 1 en xaneiro (ao comezo do bloque de física)
	1. O átomo e o sistema periódico.	9	3 en outubro
	2. Enlace químico e forzas intermoleculares	9	1 semanas en outubro e 1 en novembro
	3. Compostos do carbono		2 semanas en novembro
	4. Reaccións químicas. Fundamentos	12	2 semanas en novembro e 1 en decembro
2º avaliación	5: Algunhas reaccións químicas de interese	3	1 semana en xaneiro
	6: Cinemática	12	1 en xaneiro, e febreiro
	7: Leis de Newton	12	marzo
3º avaliación	8: Forzas no universo	3	1 semana en abril
	9: Forzas en fluídos. Presión	6	2 semanas abril
	10: Enerxía mecánica e traballo	9	3 semanas en maio
	11: Enerxía térmica e calor	3	1 semana en maio

A unidade 0, correspondente o primeiro bloque, e común a todas as unidades, está dedicada a desenvolver as capacidades inherentes ao traballo científico, partindo da observación e a experimentación como base do coñecemento. Para facilitar o traballo divídese en dúas partes. A xeral, desenvolvida a comezos de curso e a parte mais relacionada coa Física ao comezo do bloque de Física, polo mes de febreiro. Hai que ter en conta que estes contidos han de desenvolverse de xeito transversal ao longo de todo o curso, utilizando a elaboración de hipóteses e a toma de datos como pasos imprescindibles para a resolución de calquera tipo de problema. Hanse desenvolver destrezas no manexo do aparato científico, pois o traballo experimental é unha das pedras angulares de Física e Química.

UNIDADE 0: A Actividade científica. (Bloque 1)					
OBXECTIVOS	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe (relacionados coas competencias clave) <sup>2</sup>	Mínimos esixibles	Instrumentos de avaliación
afhlin	B1.1. Investigación científica:	B1.1. Recoñecer que a investigación en ciencia é un labor colectivo e interdisciplinario en constante evolución e influído polo contexto económico e político	FQB1.1.1. Describe feitos históricos relevantes nos que foi definitiva a colaboración de científicos/as de diferentes áreas de coñecemento. (CCL,CMCCT, CCEC,CSC)	Describir a colaboración científica na historia.	Traballos ou caderno de clase
			FQB1.1.2. Argumenta con espírito crítico o grao de rigor científico dun artigo ou dunha noticia, analizando o método de traballo e identificando as características do traballo científico. (CMCCT, CCL, CAA, CD, CSIEE)	Comentar e reflexionar sobre o rigor científico dun artigo divulgativo.	
f	B1.1. Investigación científica	B1.2. Analizar o proceso que debe seguir unha hipótese desde que se formula ata que é aprobada pola comunidade científica.	FQB1.2.1. Distingue entre hipóteses, leis e teorías, e explica os procesos que corroboran unha hipótese e a dotan de valor científico. (CMCCT, CAA)	Aplicar os coñecementos sobre hipóteses, leis e teorías a algúns casos prácticos	Traballos ou caderno de clase
f	B1.2. Magnitudes escalares e vectoriais:	B1.3. Comprobar a necesidade de usar vectores para a definición de determinadas magnitudes.	FQB1.3.1. Identifica unha determinada magnitude como escalar ou vectorial e describe os elementos que definen esta última. (CMCCT)	Identificar magnitudes escalares e vectoriais	caderno de clase Probas escritas
f	B1.3. Magnitudes fundamentais e derivadas. Ecuación de dimensións.	B1.4. Relacionar as magnitudes fundamentais coas derivadas a través de ecuacións de magnitudes	FQB1.4.1. Comproba a homoxeneidade dunha fórmula aplicando a ecuación de dimensións aos dous membros. (CMCCT)	Comprobar a homoxeneidade dunha fórmula aplicando a ecuación de dimensións aos dous membros	caderno de clase Probas escritas
f	B1.4. Erros na medida.	B1.5. Xustificar que non é posible realizar medidas sen cometer erros, e distinguir entre erro absoluto e relativo.	FQB1.5.1. Calcula e interpreta o erro absoluto e o erro relativo dunha medida coñecido o valor real. (CMCCT)	Calcular e interpretar o erro absoluto e o erro relativo dunha medida coñecido o valor real.	Observación directa caderno de clase Probas escritas

<sup>2</sup> Competencias Clave: comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

UNIDADE 0: A Actividade científica. (Bloque 1)					
OBXECTIVOS	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe (relacionados coas competencias clave) <sup>2</sup>	Mínimos esixibles	Instrumentos de avaliación
f	B1.4. Erros na medida B1.5. Expresión de resultados	B1.6. Expresar o valor dunha medida usando o redondeo e o número de cifras significativas correctas.	FQB1.6.1. Calcula e expresa correctamente o valor da medida, partindo dun conxunto de valores resultantes da medida dunha mesma magnitude, utilizando as cifras significativas adecuadas. (CMCCT)	Expresar o valor da medida dunha magnitude correctamente, coas cifras significativas correctas.	Observación directa, caderno de clase Probas escritas
f	B1.5. Expresión de resultados B1.6. Análise dos datos experimentais	B1.7. Realizar e interpretar representacións gráficas de procesos físicos ou químicos, a partir de táboas de datos e das leis ou os principios involucrados.	FQB1.7.1. Representa graficamente os resultados obtidos da medida de dúas magnitudes relacionadas inferindo, de ser o caso, se se trata dunha relación lineal, cuadrática ou de proporcionalidade inversa, e deducindo a fórmula.(CMCCT)	Representar graficamente resultados e indicar a súa relación deducindo a fórmula	Observación directa, caderno de clase Probas escritas
b, e f, g h, l ñ	B1.7. Tecnoloxías da información e da comunicación no traballo científico. B1.8. Proxecto de investigación	B1.9. Realizar en equipo tarefas propias da investigación científica.	FQB1.9.1. Realiza de xeito cooperativo ou colaborativo algunhas tarefas propias da investigación científica: procura de información, prácticas de laboratorio ou pequenos proxectos de investigación. (CMCCT, CCL, CD, CAA, CSIEE, CSC, CCEC)	Realizar pequenos proxectos de investigación ou prácticas de laboratorio	Observación directa, caderno de clase Probas escritas <b>Practica de laboratorio:</b> Relación entre la concentración de una disolución y su densidad



UNIDADE 1 O Átomo e o Sistema Periódico. (Bloque 2)					
OBXECTIVOS	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe (relacionados coas competencias clave) <sup>3</sup>	Mínimos esixibles	Instrumentos de avaliación
f l	B2.1. Modelos atómicos	B2.1. Recoñecer a necesidade de usar modelos para interpretar a estrutura da materia utilizando aplicacións virtuais interactivas.	FQB2.1.1. Compara os modelos atómicos propostos ao longo da historia para interpretar a natureza íntima da materia, interpretando as evidencias que fixeron necesaria a evolución destes. ( CMCCT, CCEC)	Comparar os distintos modelos atómicos para interpretar a natureza da materia.  Identificar as evidencias que fixeron necesaria a evolución dos mesmos	Traballos Caderno de clase Observación directa, Probas escritas
			FQB2.1.2. Utiliza as TIC ou aplicacións interactivas para visualizar a representación da estrutura da materia nos diferentes modelos atómicos. (CCMT, CD)	Utilizar aplicacións interactivas para visualizar a representación da estrutura da materia nos diferentes modelos atómicos.	
f	B2.2. Sistema periódico e configuración electrónica:	B2.2. Relacionar as propiedades dun elemento coa súa posición na táboa periódica e a súa configuración electrónica.	FQB2.2.1. Establece a configuración electrónica dos elementos representativos a partir do seu número atómico para deducir a súa posición na táboa periódica, os seus electróns de valencia e o seu comportamento químico (CMCCT)	Escribir as configuracións electrónicas e relacionalas coas propiedades dos elementos	Caderno de clase Observación directa, Probas escritas
			FQB2.2.2. Distingue entre metais, non metais, semimetais e gases nobres, e xustifica esta clasificación en función da súa configuración electrónica. (CMCCT)	Distinguir entre metais, non metais, semimetais e gases nobres, e xustifica esta clasificación en función da súa configuración electrónica	
f	B2.2. Sistema periódico e configuración electrónica.	B2.3. Agrupar por familias os elementos representativos e os elementos de transición segundo as recomendacións da IUPAC.	FQB2.3.1. Escribe o nome e o símbolo dos elementos químicos, e sitúaos na táboa periódica. (CMCCT)	Coñecer o nome e símbolo dos átomos e a súa situación na táboa periódica	Caderno de clase u Observación directa, Probas escritas

<sup>3</sup> Competencias Clave: comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

<b>UNIDADE 1 O Átomo e o Sistema Periódico. (Bloque 2)</b>					
<b>OBXECTIVOS</b>	<b>Contidos</b>	<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe (relacionados coas competencias clave)<sup>3</sup></b>	<b>Mínimos esixibles</b>	<b>Instrumentos de avaliación</b>
f	B2.4 Formulación e nomenclatura de compostos inorgánicos segundo as normas da IUPAC	B2.6. Formular e nomear compostos inorgánicos ternarios segundo as normas e a IUPAC.	FQB2.6.1. Nomea e formula compostos inorgánicos ternarios, segundo as normas da IUPAC (CCL,CMCCT)	Formular e nomear compostos inorgánicos binarios e terciarios segundo as normas da IUPAC	Traballos Caderno de clase Observación directa, Probas escritas

UNIDADE 2: Enlace químico e forzas intermoleculares (Bloque 2)					
OBXECTIVOS	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe (relacionados coas competencias clave) <sup>4</sup>	Mínimos esixibles	Instrumentos de avaliación
f	B2.3. Enlace químico: iónico, covalente e metálico.	B2.4. Interpretar os tipos de enlace químico a partir da configuración electrónica dos elementos implicados e a súa posición na táboa periódica	FQB2.4.1. Utiliza a regra do octeto e diagramas de Lewis para predicir a estrutura e a fórmula dos compostos iónicos e covalentes. (CMCCT)	Utilizar a regra do octeto e deducir estruturas de Lewis para moléculas sinxelas	Traballos Observación directa
			FQB2.4.2. Interpreta a información que ofrecen os subíndices da fórmula dun composto segundo se trate de moléculas ou redes cristalinas. (CMCCT)	Establecer o tipo de información que ofrecen os subíndices da fórmula dun composto segundo sexa molecular ou cristalino	Caderno de clase Probas escritas
f	B2.3. Enlace químico: iónico, covalente e metálico. B2.4 Forzas intermoleculares	B2.5. Xustificar as propiedades dunha substancia a partir da natureza do seu enlace químico.	FQB2.5.1. Explica as propiedades de substancias covalentes, iónicas e metálicas en función das interaccións entre os seus átomos ou as moléculas. (CMCCT)	Establecer o tipo de información que ofrecen os subíndices da fórmula dun composto segundo sexa molecular ou cristalino	Traballos Caderno de clase Observación directa Probas escritas
			FQB2.5.2. Explica a natureza do enlace metálico utilizando a teoría dos electróns libres, e relaciónaa coas propiedades características dos metais. (CMCCT)	Aplicar a teoría dos electróns libres e relacionar as propiedades dos metais co seu enlace químico	
			FQB2.5.3. Deseña e realiza ensaios de laboratorio que permitan deducir o tipo de enlace presente nunha substancia descoñecida. (CAA, CMCCT, CSIEE)	Realizar ensaios de laboratorio ou ben aplicacións virtuais que permitan deducir o tipo de enlace presente	
f	B2.5 Forzas intermoleculares	B2.7. Recoñecer a influencia das forzas intermoleculares no estado de agregación e nas propiedades de substancias de interese..	FQB2.7.1. Xustifica a importancia das forzas intermoleculares en substancias de interese biolóxico. (CMCCT)	Relacionar a importancia das forzas intermoleculares en substancias de interese biolóxico	Caderno de clase Observación directa Probas escritas

<sup>4</sup> Competencias Clave: comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

<b>UNIDADE 2: Enlace químico e forzas intermoleculares (Bloque 2)</b>					
<b>OBXECTIVOS</b>	<b>Contidos</b>	<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Estándares de aprendizaxe (relacionados coas competencias clave)<sup>4</sup></b>	<b>Mínimos esixibles</b>	<b>Instrumentos de avaliación</b>
			FQB2.7.2. Relaciona a intensidade e o tipo das forzas intermoleculares co estado físico e os puntos de fusión e ebulición das substancias covalentes moleculares, interpretando gráficos ou táboas que conteñan os datos necesarios. (CMCCT)	Relacionar as propiedades dalgunhas moléculas cos seus enlaces intermoleculares	

UNIDADE 3 Compostos do Carbono. (Bloque 2)					
OBXECTIVOS	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe (relacionados coas competencias clave) <sup>5</sup>	Mínimos esixibles	Instrumentos de avaliación
f	B2.6. Introducción á química orgánica.	B2.8. Establecer as razóns da singularidade do carbono e valorar a súa importancia na constitución dun elevado número de compostos naturais e sintéticos.	FQB2.8.1. Explica os motivos polos que o carbono é o elemento que forma maior número de compostos. (CMCCT)	Explicar a importancia do átomo de carbono de xeito razoado.	Traballos Caderno de clase Observación directa Probas escritas
			FQB2.8.2. Analiza as formas alotrópicas do carbono, relacionando a estrutura coas propiedades. (CMCCT)	Relacionar a estrutura e propiedades das formas alotrópicas do carbono. .	
f	B2.6. Introducción á química orgánica.	B2.9. Identificar e representar hidrocarburos sinxelos mediante distintas fórmulas, relacionadas con modelos moleculares físicos ou xerados por computador, e coñecer algunhas aplicacións de especial interese	FQB2.9.1. Identifica e representa hidrocarburos sinxelos mediante a súa fórmula molecular, semidesenvolvida e desenvolvida. (CMCCT)	Identificar e representar hidrocarburos sinxelos	Caderno de clase Probas escritas
			FQB2.9.2. Deduce, a partir de modelos moleculares, as fórmulas usadas na representación de hidrocarburos.	Escribir a nomenclatura e formular hidrocarburos	
			FQB2.9.3. Describe as aplicacións de hidrocarburos sinxelos de especial interese.	Describir as aplicacións de hidrocarburos sinxelos de especial interese.	
f	B2.6. Introducción á química orgánica.	B2.10. Recoñecer os grupos funcionais presentes en moléculas de especial interese.	FQB2.10.1. Recoñece o grupo funcional e a familia orgánica a partir da fórmula de alcohois, aldehidos, cetonas, ácidos carboxílicos, ésteres e aminas. (CMCCT)	Identificar diversos grupos funcionais. a partir da fórmula.	Caderno de clase Probas escritas

<sup>5</sup> Competencias básicas: comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

UNIDADE 4: Reaccións químicas. Fundamentos. (Bloque 3)					
OBXECTIVOS	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe (relacionados coas competencias clave) <sup>6</sup>	Mínimos esixibles	Instrumentos de avaliación
f	B3.1. Reaccións e ecuacións químicas	B3.1. Explicar o mecanismo dunha reacción química e deducir a lei de conservación da masa a partir do concepto da reorganización atómica que ten lugar.	FQB3.1.1. Interpreta reaccións químicas sinxelas utilizando a teoría de colisións, e deduce a lei de conservación da masa. (CMCCT)	Aplicar a teoría de colisións e a lei de conservación da masa en reaccións químicas sinxelas para interpretar a reacción.	Caderno de clase Probas escritas
f	B3.2. Mecanismo, velocidade e enerxía das reaccións	B3.2. Razoar como se altera a velocidade dunha reacción ao modificar algún dos factores que inflúen sobre ela, utilizando o modelo cinético-molecular e a teoría de colisións para xustificar esta predición	FQB3.2.1. Predí o efecto que sobre a velocidade de reacción teñen a concentración dos reactivos, a temperatura, o grao de división dos reactivos sólidos e os catalizadores. (CMCCT)	Deducir o efecto de diversos factores sobre a velocidade dunha reacción química	Caderno de clase Probas escritas
			FQB3.2.2. Analiza o efecto dos factores que afectan a velocidade dunha reacción química, sexa a través de experiencias de laboratorio ou mediante aplicacións virtuais interactivas nas que a manipulación das variables permita extraer conclusións. (CMCCT, CD)	Observar experimentalmente os efectos de distintos factores na velocidade de reaccións químicas ou ben, cun simulador de reaccións químicas, observar o efecto de diversos factores na velocidade de reacción.	
f	B3.2. Mecanismo, velocidade e enerxía das reaccións	B3.3. Interpretar ecuacións termoquímicas e distinguir entre reaccións endotérmicas e exotérmicas	FQB3.3.1. Determina o carácter endotérmico ou exotérmico dunha reacción química analizando o signo da calor de reacción asociada. (CMCCT)	Establecer a absorción ou liberación de enerxía nunha reacción química	Caderno de clase Probas escritas
f	B3.3. Cantidade de substancia: mol.	B3.4. Recoñecer a cantidade de substancia como magnitude fundamental e o mol como a súa unidade no Sistema Internacional de Unidades.	FQB3.4.1. Realiza cálculos que relacionen a cantidade de substancia, a masa atómica ou molecular e a constante do número de Avogadro. (CMCCT)	Realizar problemas que relacionen a cantidade de substancia, a masa atómica ou molecular e a constante do número de Avogadro.	Caderno de clase Observación directa Probas escritas

<sup>6</sup> Competencias Clave: comunicación lingüística (CCL), competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT), competencia dixital (CD), aprender a aprender (CAA), competencias sociais e cívicas (CSC), sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) e conciencia e expresións culturais (CCEC).

UNIDADE 4: Reaccións químicas. Fundamentos. (Bloque 3)					
OBXECTIVOS	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe (relacionados coas competencias clave) <sup>6</sup>	Mínimos esixibles	Instrumentos de avaliación
